colegio PADRES ESCOLAPIOS MONFORTE

Campo de la Compañía, 50
27400 Monforte de Lemos. Lugo
Tel.: 982400450, Fax: 982410003
www.escolapiosmonforte.es
CENTRO PRIVADO CONCERTADO

Estimada Familias:

Chegamos a un final de curso totalmente diferente ao que estamos acostumados. Despois de pasar tres meses na casa, sen poder ter contacto cos seus compañeiros e acostumándose a traballar dun xeito diferente ao habitual, chega o momento de descansar e felicitar aos nosos alumnos e alumnas polo seu esforzo e bo facer neste tempo. Tamén quero agradecer ás familias o apoio prestado nestes meses e a súa implicación na aprendizaxe dos seus fillos/as Pero, antes de despedirnos, quero darlles unhas informacións de última hora.

As clases do **próximo curso** comezarán o 10 de setembro en E. Infantil e Primaria e o 16 de setembro en Secundaria; estes días a xornada será de 12 a 14 horas e entregaremos os libros de texto encargados no Colexio (iremos informando da normativa de sanidade acerca do inicio de curso)

Para os que merquen os libros fora do colexio, o listado de **libros de texto** do curso 2020- 2021 poden consultarse na portería, no taboleiro de anuncios do colexio ou páxina web. Estará dispoñible a partir do mes de xullo.

Todavía non temos normativa sobre como faremos os **exames de setembro** polo que rogamos, estean atentos á Plataforma Educamos e a nosa páxina web (www.escolapiosmonforte.es) na que informaremos das datas e forma de facer os exames de setembro para os alumnos da ESO

A data de entrega de notas da convocatoria de setembro será comunicada o primeiro día de exames

Respecto aos **uniformes** para o vindeiro curso (obrigatorio para todo infantil e primaria): os responsables de El Corte Inglés virán ao colexio nos primeiros días de setembro. A data todavía no está concretada. Avisaremos na web do colexio e a través de Educamos do día/s nos que estarán aquí para poder adquirir o uniforme

Non damos información sobre as **actividades extraescolares** xa que non temos normativa para a súa organización. En caso de poder organizalas, os horarios sería moi parecidos aos deste curso, recordando que temos o novo horario (9:20-13:30 e 15:30-16:30) polo que na tarde se iniciarán as 16:30 horas

Desexando que as vacacións de verán sexan para todos vostedes e os seus fillos, recuperadoras e na esperanza de que a colaboración de familia e Colexio contribúa ao éxito do proceso educativo dos nenos, saúdalles atentamente.

Pablo Blanco.

DIRECCIÓN · COLEGIO PP. ESCOLAPIOS · MONFORTE DE LEMOS ·